



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de febreiro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de febreiro de dous mil trece.

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/C/135.3/12.-

Visto o escrito presentado por **Dona María Antonia Pousa Marquez con DNI nº 34.528.276-D**, onde solicita Licenza de Obras que consisten na substitución de cuberta en bodega na Estrada de Carballiño nº 37 (Ref. Catastral 13422/18), en San Cristovo, segundo Proxecto Básico e de Execución e Anexo ao Proxecto redactado polo Arquitecto Don Gonzalo Moure Ferreiro e visado con datas 31.08.2012 e 15.10.2012.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 5 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente a solicitude realizada de Licenza de Obras para substitución de cuberta de tella cerámica, con pendente do 45%, segundo ven definido no Proxecto básico e de execución e Anexos”.

Visto o informe xurídico de data 15 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza a Dona María Antonia Pousa Marquez con DNI nº 34.528.276-D para substitución de cuberta en bodega na Estrada de Carballiño nº 37 (Ref. Catastral 13422/18), en San Cristovo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Substitución de cuberta en bodega.

Contía na que se orzan as obras: 7.100,00 €.

Situación e emprazamento das obras: Estrada de Carballiño nº 37, en San Cristovo.

Redactor do proxecto: Don Gonzalo Moure Ferreiro

Dirección da execución das obras: non consta.

Nome ou razón social do promotor: Dona María Antonia Pousa Marquez.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de un (1) mes e o prazo de remate de doce (12) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 28/06/2012, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42,00 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 7.100,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 142,60 euros.

Importe execución material / coste da obra:	7.100,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	184,60 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	28-06-12
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	142,60 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 5 de febreiro de 2013:
 - o Antes do inicio das obras deberá presentar oficio de Dirección de Obras.
 - o **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**
Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Dona Isabel Juste Gulin con data RE 5 de febreiro de 2013 nº RE 547, relativa a reclamación previa sobre cantidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se poña en contacto co enlace sindical correspondente aos efectos de que lle informe sobre esta cuestión.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

- 1.- Visto o escrito presentado por **Don Ramón Vidal Fernández con DNI nº 34.982.935-G**, con domicilio na Avda. Redondela nº 17, 5º C, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. Redondela nº 17, 5º C, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

E visto que en data de 07-02-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en oncepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Fernández Veloso con DNI nº 76.719.776-X**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 4º E, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 4º E, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04-02-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 11 de febreiro de 2013 N° RE 640, relativa a remisión informe realizado polo Servizo de Augas e Medio Ambiente en relación a unha denuncia realizada pola “Comunidad de Montes Veciñais de Mano Común de Santo André”.
2. Comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con data RE 15 de febreiro de 2013 N° RE 686, relativa a “Comunicación de Arquivo de expediente sancionador, Expediente nº OU-E 300/12”.
3. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, Comisaría de Augas, con data RE 15 de febreiro de 2013 N° RE 688, relativa a “Expediente sancionador incoado contra Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A. y Ayuntamiento de Ribadavia”.
4. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 Ourense, con data RE 14 de febreiro de 2013 N° RE 667, relativo a Ejecución Definitiva 70/2012 Procedimiento Abreviado 4/2012.
5. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, con data RE 13 de febreiro de 2013 N° RE 655, relativa a remisión informe da Axencia Galega de Infraestructuras relativo ao PXOM.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CAMBIO TITULARIDADE LICENCIA RIB/N/92.2/09.-

Vista a solicitude de Dona Paula Lorenzo Soliño con DNI nº 76.907.659-Y en representación de Don Óscar Pérez Tejero con DNI nº 76.748.083-G con data de RE 14 de xaneiro de 2013 e Nº RE 136 relativo a cambio da titulariedade de local para venda e reparación de neumáticos sito na Rúa Redondela nº 7 (Ref. Catastral 05199/06), baixo, en Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local COMPROBADO que o local conta coa preceptiva licenza sen que a mesma estea caducada, ademais de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar que debera proceder o pago do importe do Imposto de Actividades Económicas a ingresar na tesourería mediante liquidación do Interventor de data 18 de febreiro de 2013 de 191,50 euros e que consta informe da Arquitecto Municipal de que a actividade de venda e reparación de neumáticos cumpre a normativa actual para o exercicio da mesma RESULTANDO que a normativa vixente permite a transmisión da titulariedade de licencias de actividade.

ACORDA tomar coñecemento do cambio de titulariedade do local sito na Rúa Redondela nº 7, baixo, en Ribadavia, con licenza para venda e reparación de neumáticos a favor de BUNDI NEUMÁTICOS Y ACCESORIOS, S.L. con CIF nº B-36438224 o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92.

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto *“CONTRATO DE SERVICIOS DE PRESTACIÓN DE LOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS Y DE COLABORACIÓN CON EL SERVICIO DE RECAUDACION DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA”*.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de Secretaría de data 11.02.2013.
- Informe de intervención de data 11.02.2013.
- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 08.02.2013.
- Prego de Prescripciones Tecnicas de data 08.02.2013.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsións dos artigos 110 e disposición adicional 2º do TRLCSP.
2. Aprobar un gasto por importe de 280.000 € IVE incluído.
3. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante publicación no perfil do contratante e no BOP.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

ORDE DE 5 DE FEBREIRO DE 2013 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 5 de febreiro de 2013, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións as entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ,acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Secretaria Xeral de Política Lingüística, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Resolución”.

APROBACION DE PADRON DE ALCANTARILLADO

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Padrón de Alcantarillado, exercicio 2011, por importe de 56.762,97 euros. Así mesmo acorda fixar como periodo voluntario de pago entre o día 14 de Febreiro e o 18 de abril de 2013.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Xaneiro 2013, por importe de 489,80 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo/as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

